

DENOMINACIÓN:
GA15066001
O Castro

Parroquia: Lardeiros
Lugar: Agra do Castro
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro dun só recinto que conserva o seu parapeto de 4 metros de altura cara ao exterior e 3 metros cara ao interior no seu lado leste. Fóra do mesmo pasa un camiño que se cadra foi aproveitado para un antigo foso non moi profundo. No sur e ao oeste é difícil definir o seu perímetro. Está moi alterado por labores agrícolas e de novas aperturas viarias. O seu uso actual é prados, labradíos e arboredo autóctono no parapeto.



DENOMINACIÓN:
GA15066002
As Modorras

Parroquia: Lardeiros
Lugar: Vilaseco
Tipo elemento: Explotación Recursos Primarios
Época: Indeterminada
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Explotación de recursos primarios. Nun principio semella unha aliñación de mámoas NW-SL. Sen embargo xunto ás mesmas hai vestixios de pozos e na mesma aliñación unha veta de cuarzo incrustrada na pizarra. A 50m cara ao SL hai unha gabia que segue a mesma dirección e deixa montóns semellantes aos anteriores.



DENOMINACIÓN:
GA15066003
Ponte Antiga do Río Mera

Parroquia: Gonzar
Lugar: Ponte Puñide
Tipo elemento: Obra ou edificio público
Época: Romana- Medieval
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Ponte antiga romana-medieval sobre o Río Mera, que se conserva moi ben debido ao alto nivel que levan as augas, posto que pouco máis abaixo hai una presa de muíño. Ten dous arcos de medio punto realizados con pedra pizarrosa. Ten 3 m de ancho e 17 m de longo.



DENOMINACIÓN:
GA15066004
Castro de S. Lourenzo de Pastor

Parroquia: Pastor
Lugar: Pastor
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro. Recinto moi alterado polos labores agrícolas do que só se conserva parte do parapeto de terra de 1,50-2,50 metros de altura, (100 m aproximadamente) acadando a máxima pendente no sector occidental. O foso só se conserva na parte con altura que oscila entre 1 e 1,5 metros. Famoso polo achado dun torque.



DENOMINACIÓN:
GA15066005
O Castro

Parroquia: Pastor
Lugar: Pastor
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro gravemente alterado pola execución dunha pista de concentración ao norte. Consérvase na parte do terraplén L-S W pero foi achandado por labores agrícolas. A zona sur do parapeto é a mellor conservada acadando unha altura dun metro.



DENOMINACIÓN:
GA15066006
A Roda

Parroquia: San Mamede de Ferreiros
Lugar: Eira do Castro- Castro de Oza
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro do que se conserva o parapeto da zona N-L-S. O acceso ou porta está o L-SE, aparecendo remarcada por un ensanchamento do parapeto a ambos lados. No sector setentrional non se conserva parapeto ou quizais non existiu debido a que a pendente natural do terreo é máis acusada. A cimentación do muro rodea o conxunto.



DENOMINACIÓN:
GA15066007
A Roda

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Agra do Castro- Tras do Castro
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro. Trátase dun recinto lixeiramente elipsoidal que conserva parapeto en todo o seu perímetro, interrompido no SE por unha entrada. O terraplén ten máxima pendente no sector occidental. Na zona suroriental aparece a que podería ser unha plataforma ou antecastro que se confunde co terreo natural e terrazas de cultivo. O recinto interior e o antecastro aparecen en parte reforzadas por un muro de aparello en seco.



DENOMINACIÓN:
GA15066008
Medorra do Monte Penafita

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Monte Penafita
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Túmulo neolítico gravemente alterado, de aproximadamente 15 cm de diámetro e unha altura que oscila entre 1 e 1,5 metros. Aliñadas con esta aparecen outras posibles medorras nos montes de Suso e Fontalén ao L e W respectivamente.



DENOMINACIÓN:
GA15066009
A Roda do Castro

Parroquia: Gonzar
Lugar: Gonzar
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro cuxo parapeto foi moi arrasado, conservándose restos no sector meridional. A pendente do terraplén é máxima no sector L-S-W. Ambos, parapeto e terraplén, están formados por terra e cascote de pedra esquistosa.



DENOMINACIÓN:
GA15066010
O Castro

Parroquia: Gonzar
Lugar: Gonzar
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro bastante arrasado, apreciándose débiles restos do parapeto no seu sector meridional. No NW hai restos do muro que circundaba a roda.



DENOMINACIÓN:
GA15066011
Castro das Medorras

Parroquia: Gonzar
Lugar: Gonzar
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro cuxo recinto central ten forma elipsoidal e no parapeto obsérvanse restos de muro de aparello en seco, circundando a coroa. Conserva foxo de 4 ou 5 metros de altura e 6 ou 7 metros de ancho. Nalgúns sectores consérvanse restos de antefoxo.



DENOMINACIÓN:
GA15066012
Monte das Medorras

Parroquia: Gonzar
Lugar: Gonzar
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Túmulos megalíticos do neolítico qeu foron gravemente alterados. Trátase de 3 mámoas que apenas se distinguen.



DENOMINACIÓN:
GA15066013
O Castro

Parroquia: Budiño
Lugar: Budiño
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro con recinto lixeiramente ovoide, cun terraplén que o circunda e parapeto. A máxima pendente deste corresponde ao sector W, N, L. Cara ao NW e L hai un aterrazamento que na parte NE desaparece. Poden observarse restos de muro na zona inferior do terraplén.



DENOMINACIÓN:
GA15066014
A Roda

Parroquia: Arca
Lugar: Arca
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro gravemente alterado debido a extracción de pedra, así como á construción de muros e camiños. Presenta un recinto rodado de terraplén con parapeto na zona W e S. Tamén aparecen aterrazamentos no sector N e W.



DENOMINACIÓN:
GA15066015
A Roda do Castro

Parroquia: Arca
Lugar: Arca
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro que foi pouco alterado. Recinto practicamente circular con terraplén e parapeto que desaparece no sector NE. Aparecen restos de foxo ao sur.



DENOMINACIÓN:
GA15066016
O Castro

Parroquia: O Pino
Lugar: O Pino
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro da Idade de Ferro pouco alterado. Recinto case circular afectado no sector NW. Conserva terraplén con máxima pendente ao SW. Presenta parte do parapeto. Un foxo circúndao nalgunhas zonas. Cara ao leste aparece unha entrada de sistema complexo.



DENOMINACIÓN:
GA15066017
Agra de Santiso

Parroquia: Castrofeito
Lugar: Santiso
Tipo elemento: Vila
Época: Romana
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Vila romana que foi gravemente alterada por aperturas viarias, novas construcións e labores agrícolas. Como hipótese formúlase que a Vía XIX do Itinerario Antonino no seu tramo Iria- Lucus, atravesa este xacemento por unha franxa de terreo coñecida como O Serrón en dirección SW-NE. As novas aperturas viarias deixan á vista abundante material de construción de época romana. A uns 600 metros hai un castro ao SE e cara o S-SE unha necrópole alto medieval na leira chamada "Do Xuez".



DENOMINACIÓN:
GA15066018
A Roda

Parroquia: Castrofeito
Lugar: Castrofeito
Tipo elemento: Asentamento Fortificado
Época: Idade de Ferro e Romano
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Castro de Idade de Ferro e romano, gravemente alterado por labores agrícolas. A coroa foi moi achantada e desfíxose parte do seu sistema defensivo. O parapeto foi construído con terra e pedras. Na actualidade aparece cortado acadando unha altura de 2 metros e 7 de ancho. No N acada os 6 metros de altura cara ao foxo e 4m cara á coroa. O foxo rodéaa ao N e foi aproveitado como camiño.



DENOMINACIÓN:
GA15066019
A Granxa

Parroquia: Cerceda
Lugar: Cerceda
Tipo elemento: Achado
Época: Romana
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Zona aberta na que apareceron achados superficiais illados da época romana.



DENOMINACIÓN:
GA15066020
Monte de Salceda M6

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Túmulos indefinidos do neolítico, se cadra un lugar funerario, gravemente alterado; un deles foi danado pola construción dun muro e aplanamentos. Situados preto do límite O Pino- Arzúa.



DENOMINACIÓN:
GA15066021
Monte das Medorras M2

Parroquia: Gonzar
Lugar: Ponte Puñide
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Indeterminada
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Dúas medorras situadas na contorna de Ponte Puñíde. Catalogadas nas Normas Subsidiarias Provinciais.



DENOMINACIÓN:
GA15066022
Monte das Medorras M3

Parroquia: Gonzar
Lugar: Ponte Puñide
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Indeterminada
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Dúas medorras situadas no entono de Ponte Puñíde. Catalogadas nas Normas Subsidiarias Provinciais.



DENOMINACIÓN:
GA15066023
Medorras de Catasol M3

Parroquia: Budiño e Castrofeito
Lugar: Budiño e Castrofeito
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos gravemente alterados. Trátase de cinco mámoas situadas nunha dorsal de altiplanicie. A maioría en Castrofeito e dúas situadas en Budiño. Localizadas nunha zona que se inunda con facilidade, ao seu pé discorre o Camiño Real que unía con Sigüeiro. Varias delas presentan ocos centrais e moitas plantacións de árbores.



DENOMINACIÓN:
GA15066024
Medorras de Catasol M4

Parroquia: Budiño e Castrofeito
Lugar: Budiño e Castrofeito
Tipo elemento: Túmulo Megalítico
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos gravemente alterados. Trátase de cinco mámoas situadas nunha dorsal de altiplanicie. A maioría en Castrofeito e dúas situadas en Budiño. Localizadas nunha zona que se inunda con facilidade, ao seu pé discorre o Camiño Real que unía con Sigüeiro. Varias delas presentan ocos centrais e moitas plantacións de árbores.



DENOMINACIÓN:
GA15066028
Monte de Salceda M1

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos agrupados nas proximidades do límite con Arzúa, no Monte de Salceda. Sufriron alteracións por procesos de aplanamento, cultivo e repoboacións forestais, e algunhas presentan conos de violación.



DENOMINACIÓN:
GA15066029
Monte de Salceda M2

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos agrupados nas proximidades do límite con Arzúa, no Monte de Salceda. Sufriron alteracións por procesos de aplanamento, cultivo e repoboacións forestais, e algunhas presentan conos de violación.



DENOMINACIÓN:
GA15066030
Monte de Salceda M3

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos agrupados nas proximidades do límite con Arzúa, no Monte de Salceda. Sufriron alteracións por procesos de aplanamento, cultivo e repoboacións forestais, e algunhas presentan conos de violación.



DENOMINACIÓN:
GA15066031
Monte de Salceda M4

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos agrupados nas proximidades do límite con Arzúa, no Monte de Salceda. Sufriron alteracións por procesos de aplanamento, cultivo e repoboacións forestais, e algunhas presentan conos de violación.



DENOMINACIÓN:
GA15066032
Monte de Salceda M5

Parroquia: San Breixo de Ferreiros
Lugar: Salceda
Tipo elemento: Túmulo
Época: Neolítico
Grao de Protección: Ningún
Descrición: Conxunto de túmulos neolíticos agrupados nas proximidades do límite con Arzúa, no Monte de Salceda. Sufriron alteracións por procesos de aplanamento, cultivo e repoboacións forestais, e algunhas presentan conos de violación.